

COMO SE TALLA UNHA CABAZA?

1



Escolle a túa cabaza. O tamaño non importa, pero procura que estea máis verde que madura. Aguantarán máis tempo

2

Coa axuda dun familiar maior corta a parte superior da cabaza e gárdaa. Servírache de tapa.



3

Colle unha culler e baleira o interior da cabaza. Limpaa moi ben para que quede só a tona dura do exterior.



4

Talla unha cara que produza moito medo. Cun coitelito ide tallando os ollos, o nariz e a boca.



5

Decora a cabeza, colócalle unha candeia no interior e xa está... a meter medo á veciñanza!



ALGO DE HISTORIA



Hai anos, coincidindo coa chegada do outono, apañábanse as cabazas que se sementaran entre o millo.

A rapazada que colaborara na colleita era agasallada con algunha destas cabazas para que tallaran nelas caveiras arrepiantes, canto máis arrepiantes moito mellor para que as colocaran, a noite do 31 de outubro, cunha candeia dentro, nos camiños, entre as silveiras, nas fiestras das casas... co aquel de meterlle medo á xente que pasase a rentes delas.



LEMBRA...

As cabazas levaranse ao colexio o mércores, día 2 de novembro, pola mañá, á hora da entrada.

A partir das 7 da tarde xa se pode pasar a recollelas para participar no desfile que se realizará polo barrio.

O desfile sairá do colexio e irá ata a praza de Pablo Iglesias.

SAMAÍN, 2011



A festa dos calacús

**A festa
das cabazas**

Tallar caveiras nas cabazas é un costume galego, que estivo algo esquecido, pero agora é de novo popular.



EQUIPO
DINAMIZACIÓN
LINGUA GALEGA

CEIP JUAN FDEZ. LATORRE A Coruña



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA